

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Aprobación definitiva da Ordenanza de Convivencia Cidadá do Concello de Ames*

#### ANUNCIO

**Aprobación definitiva da Ordenanza de Convivencia Cidadá do Concello de Ames.**

En sesión plenaria de 31 de xaneiro de 2019 prestouse aprobación inicial á Ordenanza de Convivencia Cidadá do Concello de Ames.

Dito acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia núm. 31, de 13 de febreiro de 2019 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, sen que durante o referido prazo fora presentada ningunha reclamación.

De conformidade ao acordo plenario de 31 de xaneiro de 2019, ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial quedou elevado a definitivo de forma automática.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2 da LRBRL faise público o texto definitivamente aprobado ós efectos da súa entrada en vigor que terá lugar unha vez publicado o texto definitivamente aprobado e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 LRBRL.

#### ANEXO I

#### ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ DO CONCELLO DE AMES

##### Preámbulo

A presente Ordenanza ten como obxecto preservar o espazo público como lugar de encontro, convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade a libre circulación, ocio e recreo, con pleno respecto á dignidade, aos dereitos dos demais e á pluralidade de expresións.

O Concello de Ames considera imprescindible vertebrar un texto normativo inspirado na conciencia da necesidade de arbitrar accións preventivas en aras de conseguir que a cidadanía asuma como un valor esixible e esixente o respecto ás normas da pacífica convivencia cidadá. Lonxe de converterse nunha normativa represora de determinadas condutas non pode obviarse que toda disposición de carácter xeral, sen o seu correspondente réxime sancionador ante o eventual incumprimento dos seus preceptos, sería un texto baleiro e sen virtualidade práctica. Non obstante, e a fin de acadar a plena conciencia cívica, introdúcese como novidade respecto a outros instrumentos similares a posibilidade de substitución de sancións estritamente económicas por medidas correctoras, como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico, que exceden da mera sanción pecunaria e que como administración local consideramos mais efectivas na práctica.

Desde a dobre dimensión, preventiva e correctiva, pode afirmarse que a finalidade da Ordenanza é incidir naqueles ámbitos da realidade cidadá diaria que se manifesta fundamentalmente na vía pública, cuxa repercusión pode xerar unha alteración daquilo que socialmente se acepta como convivencia cidadá e que se traduce tanto na ausencia de molestias de carácter persoal e colectivo, como na non necesidade de causar danos, suciedade ou mal uso das vías e espazos públicos, os seus elementos estruturais e o mobiliario urbano, entendendo como mal uso toda actividade contraria á finalidade normal á que está destinado un ben.

A fundamentación xurídica ven avalada pola autonomía municipal prevista no artigo 137 da Constitución Española e pola Carta Europea de Autonomía Local en relación cos colectivos previstos nos artigos 140 e 141 da Constitución Española. Con posterioridade os artigos 139 a 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, introducidos pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, recolle tamén expresamente un título competencial en virtude do cal establécese a posibilidade de que os concellos para a adecuada ordenación das relacións sociais de convivencia de interese local e de uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións

e Instalacións e espazos públicos, en defecto de normativa sectorial específica, poidan establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións.

A Ordenanza estrutúrase en 3 Títulos:

- O Título I está destinado a regular unha serie de disposicións xerais nas que se pretenden enmarcar as liñas municipais de política de convivencia e os principios xerais de convivencia e civismo.

- O Título II cataloga os ámbitos de actuación que se estruturan en nove capítulos:

Capítulo I: Limpeza da rede viaria e doutros espazos libres.

Capítulo II: Degradación visual do entorno urbano.

Capítulo III: Apostas e Uso inadecuado de espazos públicos para o xogo.

Capítulo IV: Mendicidade,

Capítulo V: Utilización do espazo público para o ofrecemento e demanda de servizos sexuais.

Capítulo VI: Necesidades fisiolóxicas.

Capítulo VII: Consumo de bebidas alcohólicas.

Capítulo VIII: Actitudes vandálicas no uso do mobiliario urbano,.

Capítulo IX: Contaminación acústica.

- O Título III regula o Réxime sancionador.

## TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1.- Finalidade e obxecto da Ordenanza.

Esta Ordenanza ten por finalidade preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade, aos dereitos dos demais e á pluralidade de expresións culturais, políticas, lingüísticas e relixiosas, e de formas de vida diversa existentes no Concello de Ames.

Así mesmo esta Ordenanza ten por obxecto a prevención de calesquera actuacións perturbadoras da convivencia cidadá e a protección, tanto dos bens públicos de titularidade municipal como das instalacións e elementos que forman parte do patrimonio urbanístico e arquitectónico do Concello de Ames fronte ás agresións, alteracións e/ou usos indebidos dos que poidan ser obxecto, a sanción das condutas incívicas e a reparación dos danos causados.

É tamén obxecto desta Ordenanza establecer normas que favorezan o normal desenvolvemento da convivencia cidadá, o bo uso e desfrute dos bens de uso público, así como a súa conservación e protección no ámbito das competencias municipais.

Aos efectos expresados nos apartados anteriores, esta Ordenanza regula unha serie de medidas encamiñadas especificamente ao fomento e promoción da convivencia e o civismo no espazo público, identificando cales son os bens xurídicos tutelados, previndo cales son as normas de conduta en cada caso, sancionando aquelas que poidan perturbar, lesionar ou deteriorar tanto a propia convivencia cidadá como os bens que se atopen no espazo público que lle deba servir de soporte, tipificando, no seu caso, medidas específicas de intervención.

### Artigo 2.- Ámbito de aplicación obxectiva.

As prescricións da presente Ordenanza son de aplicación en todo o territorio que comprende o termo municipal de Ames.

As medidas de protección reguladas nesta Ordenanza refírense aos bens de servizo ou uso públicos de titularidade municipal, de outras administracións públicas ou de entidades públicas ou privadas, así como a construcións, instalacións, mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados naqueles, tales como: beirarrúas, rúas, vías de circulación, prazas, avenidas, paseos, pasaxes, bulevares, parques, xardíns e demais espazos, zonas verdes ou forestais, pontes, pasarelas, túneles e pasos subterráneos, aparcamentos, fontes e estanques, áreas recreativas, edificios públicos, mercados, museos, centros culturais, colexios públicos, institutos de ensino secundario, cemiterios, piscinas complexos deportivos e as súas instalacións, estatuas e esculturas, bancos, farolas, elementos decorativos, sinais viarias, árbores e plantas, elementos de transporte e vehículos municipais e demais bens da mesma ou semellante natureza.

### Artigo 3. - Ámbito de aplicación subxectiva.

Esta Ordenanza aplícase a todas as persoas, físicas e/ou xurídicas que estean no termo municipal de Ames, sexa cal sexa a súa concreta situación xurídica administrativa.

Tamén é aplicable a condutas realizadas por menores de idade, nos termos e coas consecuencias previstas no artigo 32 e no resto do ordenamento xurídico. Nos supostos en que así se prevea expresamente os proxenitores, titores ou gardadores tamén poderán ser considerados responsables das infraccións cometidas polos menores cando conorra, por parte de aqueles, dolo, culpa ou negligencia, incluída a mera inobservancia.

### Artigo 4.- Exercicio de competencias municipais.

As competencias municipais recollidas na Ordenanza serán exercidas polos órganos municipais competentes que poderán esixir de oficio ou mediante colaboración cidadá a adopción de medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias, ordenar cantas inspeccións estimen convinte e aplicar o procedemento sancionador, no caso de incumprimento da lexislación vixente e/ou desta Ordenanza.

As actuacións derivadas da aplicación da Ordenanza axustaranse ás disposicións sobre procedemento, impugnación e, en xeral, réxime xurídico e sancionador que sexan de aplicación.

O Concello informará á cidadanía das súas obrigas e disporá dos servizos e medios necesarios para facilitar ás persoas afectadas a interposición de denuncias contra os responsables do deterioro dos bens públicos, ou da alteración da boa convivencia, segundo o establecido na presente Ordenanza.

### Artigo 5.- Normas xerais de convivencia cidadá e civismo.

1. Sen perxuízo doutros deberes que se poidan derivar desta ou outras ordenanzas municipais e do resto do ordenamento xurídico aplicable, todas as persoas que estean no Concello de Ames, sexa cal sexa o título ou as circunstancias no que o fagan, ou a situación xurídica administrativa na que se atopen, deben respectar as normas de conduta prevista na presente Ordenanza, como presuposto básico de convivencia no espazo público.

2. Ninguén pode, co seu comportamento, menoscabar os dereitos das demais persoas, nin atentar contra a súa dignidade ou liberdade de acción. Todas as persoas deberán respectar as normas de convivencia evitando realizar prácticas abusivas, arbitrarias ou discriminatorias ou que conleven violencia física ou coacción moral ou psicolóxica, ou de outro tipo.

3. É un deber básico de convivencia cidadá tratar con respecto, atención, consideración e solidariedade especiais a aquelas persoas que, pola súas circunstancias persoais, sociais ou de calquera outra índole, máis o necesiten.

4. Todas as persoas teñen a obriga de utilizar correctamente os espazos públicos da cidade e os servizos, instalacións e mobiliario urbano e demais elementos ubicados neles, de conformidade coa súa propia natureza, destino e finalidade, e respectando en todo caso o dereito que tamén teñen os demais a usalos e desfrutar deles.

5.-Todas as persoas teñen dereito a comportarse libremente nos espazos públicos do Concello de Ames e a ser respectadas na súa liberdade. Este dereito exerceuse sobre a base do respecto á liberdade, á dignidade e aos dereitos recoñecidos ás demais persoas, así como do mantemento do espazo público nas condicións adecuadas para a propia convivencia.

### Artigo 6.- Dereitos e obrigas cidadás.

#### 1. Dereitos:

- Dereito a comportarse libremente nos espazos públicos do Concello e a ser respectado na súa liberdade. Este dereito é limitado polas normas de conduta establecidas nesta Ordenanza e o resto do ordenamento xurídico, en particular polos deberes xerais de convivencia e civismo e, moi en especial, polo deber de respectar a liberdade, a dignidade e os dereitos doutras persoas.

- Dereito ao bo funcionamento dos servizos públicos e, en concreto, a que o Concello, a través dos servizos municipais competentes, vixie activamente o cumprimento das normas municipais e calquera outra normativa vixente sobre convivencia cidadá, e tramite as denuncias que correspondan contra as actuacións que supoñan infracción ás mesmas.

- Dereito a utilizar os servizos públicos municipais de acordo coa súa natureza.

#### 2. Obrigas:

- Respectar a convivencia e tranquilidade cidadás, evitando que co seu comportamento se poidan menoscabar os dereitos das outras persoas, nin atentar contra a súa liberdade, nin ofender as conviccións e criterios xeralmente admitidos sobre convivencia. Todas as persoas deben absterse de calquera conduta que comporte abuso, arbitrariedade, discriminación ou violencia física ou coacción de calquera tipo.

- Usar os bens e servizos públicos conforme ao seu uso e destino.

- Cumprir as normas de convivencia establecidas na normativa vixente e nas ordenanzas e regulamentos municipais, así como as resolucións e bando da Alcaldía obxecto desta Ordenanza.
- Respetar e non degradar en forma algunha os bens e instalacións públicas, nin o entorno medioambiental.
- Respetar as normas de uso e comportamento establecidas nos vehículos de transporte e edificios públicos, atender as indicacións da Policía Local e do persoal doutros servizos municipais competentes e, en todo caso, nesta Ordenanza e regulamentos que existan.

## TÍTULO II.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

### Capítulo I: Limpeza da rede viaria e doutros espazos libres.

#### Artigo 7.- Normas xerais

1. Queda prohibido calquera comportamento que supoña un mal uso ou xere suciedade ou danos na vía pública, aos seus elementos estruturais e ao mobiliario urbano.
2. Enténdense incluídos nas medidas de protección desta Ordenanza:
  - os bens e instalacións de titularidade doutras Administracións Públicas e entidades públicas ou constituían equipamentos ou elementos de servizo público formando parte do mobiliario urbano do termo municipal de Ames, tales como marquesiñas, vaías, carteis, e demais bens de similar natureza.
  - as fachadas dos edificios e demais elementos urbanísticos e arquitectónicos de titularidade pública ou privada, en canto se integren na paisaxe urbana, entre os que se inclúen a modo de exemplo: patios, pasaxes, farolas, xardiñeiras, elementos decorativos e bens de similar natureza sempre que estean situados na vía pública, todo elo sen perxuízo dos dereitos que correspondan ás persoas propietarias.
3. A cidadanía ten a obriga de depositar os residuos sólidos nas papeleiras e contedores correspondentes. Está prohibido lanzar ou depositar residuos, desperdicios e calquera tipo de lixo e escombros nas vías públicas e espazos de uso público, na rede de de sumidoiros e nos solares e fincas sen peche, debendo usarse sempre os contedores.
4. Todas as persoas están obrigadas a respectar o mobiliario urbano, así como o arborado da localidade e as instalacións complementarias, como estatuas, verxas, fontes, proteccións, farolas, postes, sinais, papeleiras, peches e demais elementos destinados a o embelecemento, seguridade ou utilidade, absténdose de calquera acto que poida danar, afear ou ensuciar.
5. As persoas usuarias de instalacións públicas e zonas de recreo, xardiños e parques da localidade, deberán respectar os animais e as plantas, evitar toda clase de desperfectos e lixos, atender as indicacións contidas en letreiros e avisos, e aquelas que lles poda formular a Policía Local e o persoal doutros servizos municipais competentes.

#### Artigo 8.- Prohibicións expresas

1. Prohíbese realizar na vía pública os actos que se especifican a continuación:
  - Baleirar, verter, depositar calquera clase de materiais residuais tanto nas calzadas como en beirarrúas, solares e rede de saneamento.
  - Derramar nos mesmos lugares calquera tipo de auga sucia, a excepción da rede de saneamento.
  - Vertido, incluso na rede de saneamento, de calquera tipo de residuo industrial líquido, sólido ou solidificable.
  - Abandono de animais mortos
  - Lavado e reparación de vehículos
  - Abandono de mobles e enseres particulares na vía pública, salvo os que estean en espera de ser retirados polo servizo especial de recollida.
  - Realizar calquera actividade que poida danar o céspede nos parques, parterres e plantacións, salvo los lugares autorizados.
  - Facer dano de calquera forma aos animais, subirse ás árbores ou perxudicar o arborado e plantacións en calquera forma, especialmente cortar ramas e follas, gravar ou raspar a corteza e verter calquera líquido, aínda que non fose perxudicial, nas súas proximidades.

2. Será potestade dos servizos municipais a retirada sen previo aviso de todo obxecto ou material abandonado na vía pública, repercutindo o custe correspondente ao responsable de dita instalación, sen perxuízo da aplicación do procedemento sancionador que corresponda.

## **Capítulo II: Degradación visual do entorno urbano.**

### **Artigo 9.- Normas xerais.**

1. Está prohibido realizar todo tipo de grafito, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismo, con calquera materia (tinta, pintura, materia orgánica, o similares) sobre calquera elemento do espazo público, así como no interior ou exterior de equipamentos, infraestruturas ou elementos dun servizo público e instalacións en xeral, incluídos transporte público, equipamentos, mobiliario urbano, árbores, xardíns e vías públicas en xeral.

2. Así mesmo está prohibida a colocación de carteis, rótulos, pancartas, adhesivos, ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda, fóra dos lugares expresamente habilitados pola autoridade municipal, ou que non teñan o permiso correspondente.

3. Ademais prohibese esparcir e tirar toda clase de folletos, octavillas e papeis de propaganda ou publicidade nos espazos públicos. A estes efectos non se considerará infracción depositar ordenada e adecuadamente calquera tipo de información sempre que se faga nos lugares adecuados.

Os repartidores de publicidade domiciliaria non poderán colocar propaganda fóra do recinto do portal dos edificios. Non poderá poñerse en contedores, farolas, mobiliarios urbanos e similares anuncios publicitarios, sendo responsable a empresa anunciadora.

As mesas para o reparto de propaganda, información e recollida de firmas deberá contar cunha solicitude previa de autorización municipal.

### **Artigo 10.- Intervencións específicas.**

1. Nos supostos recollidos no artigo anterior os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelamente os materiais ou medios empregados.

2. Así mesmo conminarán persoalmente á persoa infractora a que proceda a retirar o material e reparar os danos efectuados, sen perxuízo da posible sanción económica.

3. Se polas características da infracción o ben afectado fora susceptible de limpeza os axentes da autoridade conminarán persoalmente á persoa infractora a que proceda á súa limpeza.

4. O Concello, subsidiariamente, poderá limpar ou reparar os danos causados pola infracción, con cargo á persoa responsable, resarcíndose dos gastos que comporte.

5. Cando o grafito ou pintada poida ser constitutivo de infracción patrimonial prevista como tal no Código Penal, os axentes da autoridade poñerán en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen perxuízo da continuación do expediente sancionador. En todo caso ha de estarse ao resultado do proceso penal.

## **Capítulo III: Apostas e Uso inadecuado de espazos públicos para o xogo.**

### **Artigo 11.- Fundamentación.**

A regulación contida neste capítulo fundaméntase na salvagarda da seguridade pública, na liberdade de circulación das persoas e na protección dos lexítimos dereitos dos usuarios e usuarias do espazo público, sobre todo das persoas menores de idade.

### **Artigo 12.- Normas de conduta.**

Está prohibido ofrecer no espazo público xogos que impliquen apostas con diñeiro ou bens, salvo autorización específica.

### **Artigo 13.- Intervencións específicas.**

Os axentes da autoridade procederán á intervención cautelar dos medios empregados. A Policía Local e Forzas e Corpos de Seguridade do estado intervirán en todo caso naqueles supostos nos que as persoas menores de idade transiten ou permanezan en espazos públicos fóra do horario escolar para adicala ó xogo, solicitando a súa identificación, pescudando cales son as circunstancias e os motivos polos que non están nos centros de ensino, conducindo á persoa menor ao seu domicilio ou centro escolar no que este matriculado, e poñendo en todo caso en coñecemento dos pais, nais ou persoas titoras e da autoridade educativa competente que a persoa menor atopábase na rúa ou en espazo adicado ao xogo en horario escolar. Poñerase igualmente en coñecemento dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello.

#### Capítulo IV: Mendicidade.

##### Artigo 14.- Normas de conduta.

1. Queda totalmente prohibida a mendicidade exercida por menores de idade e aquela que se realice, directa ou indirectamente, con menores ou persoas con discapacidade.

2. As condutas que adopten a forma de mendicidade serán en todo caso comunicadas aos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello a efectos de reconducir a situación e poder asistir ás persoas se fora necesario.

3. Queda prohibida a realización no espazo público de actividades de calquera tipo cando obstrúan o poidan obstruír o tráfico rodado pola vía pública, poñan en perigo a seguridade das persoas ou impidan de maneira manifesta o libre tránsito das persoas, especialmente cando se desenvolvan na calzada, semáforos ou invadindo espazos públicos rodados.

##### Artigo 15.- Intervencións específicas.

1. O Concello adoptará todas as medidas ao seu alcance para erradicar o fenómeno da mendicidade en calquera das súas formas. A tal fin traballará e prestará a axuda que fose necesaria para a inclusión social.

2. Os axentes da autoridade, ou no seu caso os Servizos Sociais de Atención Primaria informarán a todas as persoas que exerzan a mendicidade dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, ONG, etc) aos que poden acudir para recibir o apoio que sexa necesario para abandonar estas prácticas.

#### Capítulo V: Utilización do espazo público para o ofrecemento e demanda de servizos sexuais.

##### Artigo 16.- Fundamentación.

As condutas tipificadas como infraccións neste capítulo perseguen preservar ás persoas menores de idade da exhibición de prácticas de ofrecemento e/ou solicitude de servizos sexuais na rúa, manter a convivencia e evitar problemas de viabilidade en lugares de tránsito público, e previr a explotación de determinados colectivos.

##### Artigo 17.- Normas de conduta.

1. Queda prohibido ofrecer, solicitar, negociar ou aceptar ou manter directa ou indirectamente, servizos sexuais no espazo público.

2. Igualmente está prohibido manter relacións sexuais medie ou non retribución por elas, ou exhibicionismo de espidos en públicos.

##### Artigo 18.- Intervencións específicas.

Os Servizos Sociais de Atención Primaria prestarán información e axuda a todas aquelas persoas que exerzan o traballo sexual no Concello e queiran abandonar o seu exercicio.

Co auxilio dos axentes da autoridade, se é o caso, informarán a todas aquelas persoas que ofrecen servizos sexuais retribuídos en espazos públicos dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, ONG, etc) aos que poidan acudir para recibir o apoio que sexa necesario para abandonar a práctica da prostitución.

Os Servizos Sociais de Atención Primaria colaborarán coas entidades referentes para ofrecer formación, informar e ofrecer recursos laborais, informando así mesmo das prestacións sociais ás que puideran ter dereito e servizos sanitarios a súa disposición.

#### Capítulo VI: Necesidades fisiolóxicas.

##### Artigo 19.- Normas de conduta.

Está prohibido facer necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, orinar ou cuspir en calquera dos espazos públicos definidos no artigo 2 desta Ordenanza como ámbito de aplicación obxectiva da mesma, salvo nas instalacións ou elementos que estean destinados á realización de tales necesidades.

É especialmente grave a conduta descrita no apartado anterior cando se faga en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentada por menores, ou cando se faga en mercados de alimentos, monumentos ou edificios catalogados ou protexidos, ou nas súas proximidades.

#### Capítulo VII: Consumo de bebidas alcohólicas.

##### Artigo 20.- Fundamentos e obxecto da regulación.

A regulación contida no presente capítulo fundaméntase na protección da saúde pública e a salubridade, e o respecto ao medio ambiente, a protección das persoas menores de idade, o dereito ao descanso e tranquilidade dos veciños e veciñas, o dereito a desfrutar dun espazo público limpo e non degradado, e a ordenada utilización da vía pública.



**Artigo 21.- Normas de conduta.**

1.- De conformidade co marco normativo vixente, queda prohibido como norma xeral consumir bebidas alcohólicas e outras drogas nos espazos públicos.

2.- A norma anterior aplicarase coa excepción do caso de consumo de bebidas alcohólicas que teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para aquela finalidade, incluídos no seu caso os eventos e festas patronais ou populares que expresamente se autoricen, de conformidade coa normativa específica de aplicación en cada caso.

3.- O Concello prohibirá e consecuentemente impedirá as concentracións de persoas nas que se consuman bebidas alcohólicas na vía pública que alteren a normal convivencia cidadá, sempre que se leven a cabo condutas que perturben o dereito das persoas ao descanso nocturno, entre as 22:00 e as 08:00 horas.

4.- As persoas organizadoras de calquera acto público de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan durante a súa celebración as condutas descritas nos apartados anteriores, sendo responsables as persoas organizadoras do evento.

Se con motivo de calquera destes actos se realizan aquelas condutas, as persoas organizadoras comunicaranos inmediatamente aos axentes da autoridade, os cales poderán optar en caso de ser necesario a suspensión da actividade.

5.- Os/as pais/nais, tutores/as, gardadores/as legais ou familia/persoas acolledoras de menores de idade serán responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polas persoas menores de idade.

6.- En todo caso todo recipiente de bebida debe ser depositado nos contedores correspondentes e, no seu caso, nas papeleiras situadas no espazo público, estando prohibido tirar ao chan ou depositar na vía pública recipientes de bebidas tales como latas, botellas, vasos ou calquera outro obxecto.

**Artigo 22.- Intervencións específicas.**

1.- Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cauteladamente as bebidas, os envases ou os demais elementos obxecto de prohibición. As bebidas alcohólicas e os alimentos intervidos poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico sanitarias coa salvedade da garda de proba.

2.- Tratándose as persoas infractoras de menores, practicaranse as dilixencias necesarias para comprobar se concurren as circunstancias previstas no artigo 32 ao obxecto de proceder tamén a súa denuncia.

3.- Para garantir a saúde das persoas afectadas, así como para evitar molestias graves á cidadanía, os axentes da autoridade, cando proceda, poderán acompañar ás persoas en estado de embriaguez aos servizos de saúde ou de atención social correspondente.

**Capítulo VIII: Actitudes vandálicas no uso do mobiliario urbano.****Artigo 23.- Uso do mobiliario urbano.**

1.- Queda prohibida calquera actuación sobre os bens municipais que sexa contraria ao seu uso ou destino, ou implique un deterioro, sexa por rotura, arranque, desprazamento indebido, incendio, colocación de elementos de publicidade, utilización de materiais ou sustancias e calquera outra actividade ou manipulación que os ensucie, degrade, ou menoscabe a súa estética e normal uso e destino.

2.- Todas as persoas teñen a obriga de facer bo uso do mobiliario urbano debendo usalo de forma que non sufra deterioro que impida o seu normal uso e conservación.

3.- Prohíbese o uso dos bancos de forma contraria ao seu normal destino, non permitíndose pisotealos, arrincalos da súa ubicación, nin realizar calquera acto que deteriore ou perxudique o seu uso e conservación.

4.- Prohíbese calquera acto que deteriore farolas, estatuas, sinais, ou calquera outro elemento decorativo existente no municipio.

**Artigo 24.- Árbores e plantas.**

Prohíbese talar, romper e zarandear árbores, cortar ramas e follas, gravar ou raspar a súa corteza, verter toda clase de líquidos, aínda que non fosen perxudiciais, e verter ou esparcir lixos, escombros e residuos nas proximidades das árbores e plantas situados na vía pública ou en parques, xardíns e montes, así coma en espazos visibles desde a vía pública.

**Artigo 25.- Xardíns, parques e zonas verdes.**

1.- As persoas que asistan a xardíns, parques e zonas verdes do termo municipal deberán respectar as plantas, evitar toda clase de desperfectos e suciedades e atender as indicacións contidas nos letreros e avisos e as que poidan formular os axentes da Policía Local.

2.- Está totalmente prohibido en xardíns e parques:

- Subir ás árbores, talar árbores ou arbustos, sacudilos, cortar ramas, follas, flores ou froitos, danalos ou rascar a corteza, verter toda clase de líquidos, aínda que nos sexan perxudiciais, nas proximidades da árbore e tirar desperdicios ou residuos.

- Cravar cravos, grampas ou calquera elemento análogo ao tronco ou nas ramas das árbores.

- Tirar papeis ou desperdicios fóra das papeleiras.

#### **Artigo 26.- Papeleiras e contedores.**

1.- Os residuos sólidos de pequeno volume tales como cabichas apagadas, cáscaras, chicles, papeis, bolsas, envoltorios e similares, deberán depositarse nas papeleiras, e se se trata de materiais reciclables utilizaranse os contedores de recollida selectiva instalados na vía pública.

2.- Está totalmente prohibido:

- Toda manipulación das papeleiras e contedores situados na vía pública.

- Deixar nas papeleiras materiais, instrumentos u obxectos perigosos como xeringas e útiles para o consumo de sustancias estupefacientes, materiais utilizados na atención sanitaria que poidan ser susceptibles de contaxiar ou propagar enfermidades, así como todo tipo de drogas tóxicas, estupefacientes e produtos químicos, radioactivos, pirotécnicos ou explosivos, pequenos residuos e outras materiais.

#### **Artigo 27.- Estanques e fontes.**

Nas fontes públicas e estanques está prohibido:

- lavar obxectos de calquera clase.

- lavarse e bañarse.

- botar a nadar animais.

- practicar xogos e introducirse nas fontes decorativas, incluso en celebracións especiais se, neste último caso non se dispón da preceptiva autorización municipal

#### **Artigo 28.- Fogueiras e fogatas.**

Salvo en caso de celebracións ou festas populares, promovidas por agrupacións ou asociacións de veciños e cando coa preceptiva autorización municipal, queda prohibido acender fogueiras e fogatas nas vías e espazos públicos do municipio.

Do mesmo modo poderá solicitarse, e no seu caso autorizarse pola autoridade municipal e de conformidade coa normativa vixente, o encendido de fogos co fin de proceder á queima de pastos ou restos vexetais en parcelas ou fincas, sempre que se garantan as medidas de control esixidas.

### **Capítulo IX: Contaminación acústica.**

#### **Artigo 29.- Ruídos e olores.**

1.- Toda a veciñanza está obrigada a respectar o descanso dos veciños/as e a evitar a produción de ruídos e olores que alteren a normal convivencia.

2.- Prohibese a emisión de calquera ruído doméstico que, polo seu volume e horario exceda os límites que esixe a tranquilidade pública, así como a emisión de olores molestos ou perxudiciais para as persoas.

3.- Queda prohibida a realización de calquera actividade xeneradora de molestias e ruídos de obras. Deste modo o período de descanso nocturno enténdese comprendido entre as 22:00 horas hasta as 08:00 horas do día seguinte. Excepto sábados e festivos que estará comprendido entre as 00:00 horas hasta as 10:00 horas do día seguinte.ou vésperas de festivos que estará comprendido entre as 24:00 horas e as 08:00 horas do día seguinte.

### **TÍTULO III.- RÉXIME SANCIONADOR.**

#### **Artigo 30.- Cumprimento da presente Ordenanza.**

1.- Na condición de policía administrativa, a Policía Local será a encargada de velar polo cumprimento desta Ordenanza, de denunciar, cando proceda, as condutas que sexan contrarias á mesma e adoptar, no seu caso, as demais medidas de aplicación.



En todo caso en aplicación dos Convenios Marco de Coordinación e Colaboración en materia de Seguridade Cidadá e Seguridade Vial entre a FEMP e o Ministerio do Interior, a intervención e, se procede, a recepción ou formulación de denuncias de feitos concretos que supoñan o incumprimento desta Ordenanza, é un servizo de actuación conxunta e por tanto ademais da Policía Local colaborarán nestas funcións e nos termos establecidos no mencionado Convenio as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado con ámbito de actuación no municipio.

A estes efectos será a Xunta Local de Seguridade a que fixe os criterios xerais que deberán seguir ambos corpos policiais, en función da cales sexan as infraccións administrativas que deban sancionarse.

2.- A resolución sancionadora corresponde ao Alcalde, previa instrución do oportuno expediente sancionador que se tramitará polo Departamento de Secretaría Municipal de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e nos principios recollidos na Lei 40/2015, 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Artigo 31.- Medidas de carácter social.**

1.- Cando a persoa presuntamente responsable do incumprimento da presente Ordenanza sexa indixente ou presente outras carencias ou necesidades de asistencia social ou de atención médica especial ou urxente, os axentes da autoridade que interveñan informaranlle da posibilidade de acudir aos Servizos Sociais de Atención Primaria ou servizos médicos correspondentes.

2.- Naqueles casos especialmente graves ou urxentes, e co único obxecto de que a persoa poida recibir efectivamente o antes posible a atención social ou médica requirida, os axentes da autoridade ou outros servizos competentes poderán acompañar á persoa aos mencionados servizos.

Así mesmo, sempre que sexa posible, os servizos municipais intentarán contactar coa familia da persoa afectada para informala da situación e circunstancias nas que foi atopada no espazo público.

3.- Inmediatamente despois de ter practicado estas dilixencias, no caso de que as mesmas foran levadas a cabo por axentes da autoridade, estes informarán sobre elas aos servizos municipais correspondentes coa finalidade de que estes adopten as medidas oportunas e, se procede, fagan o seu seguimento o, no seu caso, poñan o asunto en coñecemento da autoridade ou administración competente.

#### **Artigo 32.- Responsabilidade por condutas cometidas por menores de idade.**

1.- Todas as medidas neste caso sancionadoras das autoridades municipais que poidan afectar a menores de idade atenderán principalmente ao interese superior destes. Así mesmo, en función da súa idade e madurez, garantirase o dereito das persoas menores a ser escoitados en todos aqueles asuntos que lles afecten e a que as súas opinións sexan tidas en conta.

2.- Cando as persoas infractoras sexan menores, e coa finalidade de protexer os dereitos do neno/a ou adolescente o seu desenvolvemento e formación, substituiranse en todo caso as sancións pecunarias por medidas correctoras, como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de conduta de carácter cívico. A estes efectos solicitarase a autorización dos pais, nais ou titores/as, gardadores/as legais, ou familia ou persoa acollidora, que será vinculante.

En todo caso, calquera denuncia, incoación de expediente sancionador ou eventual imposición dunha sanción a unha persoa menor de idade, será tamén notificada aos pais, nais, titores/as, gardadores/as legais, ou familia ou persoa acollidora, debendo asistir ás sesións formativas ou de atención individualizada que se impoña como medida alternativa á sanción pecunaria.

3.- Os pais, nais, titores/as, gardadores/as legais, ou familia / persoa acollidora serán responsables civís solidarios dos danos producidos por infraccións cometidas polas persoas menores de idade que de eles/as dependan.

En todo caso a tenor do disposto no Regulamento de Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal das persoas menores, terase en conta, se procede, a efectos da solución extraxudicial, o modo de levala a cabo consonte o artigo 5 do citada corpo legal.

4.- A Policía Local e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado intervirán naqueles supostos nos que as persoas menores transiten ou permanezan en espazos públicos durante o horario escolar, solicitando a súa identificación, pescudando o cales son as circunstancias e os motivos polos que non están nos centros de ensino, conducindo á persoa menor ao seu domicilio ou centro escolar no que este matriculado, e poñendo en todo caso en coñecemento dos pais, nais ou persoas titoras a da autoridade educativa competente que a persoa menor atopábase na rúa ou en espazo adicado ao xogo en horario escolar. Poñerase igualmente en coñecemento dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello.

**Artigo 33.- Infraccións moi graves.**

Son infraccións moi graves:

1.- Perturbar a convivencia cidadá de forma que incida grave, inmediata e directamente na tranquilidade e no exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas, no normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa aplicable e na salubridade ou ornato público, sempre que se trate de condutas non tipificadas na lexislación sobre protección da seguridade cidadá.

2.- Romper, incendiar, arrincar ou deteriorar grave e relevantemente equipamentos, elementos, infraestruturas ou instalacións dos servizos públicos, así como o mobiliario urbano.

3.- Impedir o normal funcionamento dos servizos públicos.

4.- Matar e maltratar animais, cando non supoña infracción penal e se faga á marxe do regulado nas Leis de caza, pesca e protección animal, xa sexan municipais ou de outra administración.

5.- Impedir deliberadamente o normal tránsito peonal ou de vehículos polos paseos, beirarrúas e calzadas das vías públicas.

6.- Arrincar ou talar árbores situados na vía pública e en parques e xardíns.

7.- Ofrecer no espazo público xogos que impliquen apostas con diñeiro o bens, salvo autorización específica.

8.- Exercer a mendicidade directa ou indirectamente, con menores ou persoas con discapacidade.

9.- Ofrecer, solicitar, negociar ou aceptar, directa ou indirectamente, servizos sexuais medie ou non retribución por eles cando estas prácticas se realicen con menores de idade ou exclúan ou limiten a compatibilidade dos diferentes usos do espazo público.

10.- A reiteración por tres veces de infraccións de carácter grave.

**Artigo 34.- Infraccións graves.**

1.- Realizar pintadas sen autorización municipal en calesquera bens públicos ou privados.

2.- Verter lixos ou residuos na rede de sumidoiros e á vía pública que dificulten o tránsito ou xeren riscos de insalubridade.

3.- Disparar petardos, foguetes ou outros artigos pirotécnicos.

4.- Incendiar lixos, escombros ou desperdicios.

5.- A reiteración por tres veces de infraccións de carácter leve.

**Artigo 35.- Infraccións leves.**

Teñen o carácter de leve as demais infraccións previstas na presente Ordenanza.

**Artigo 36.- Reparación de danos.**

A imposición das sancións correspondentes previstas nesta Ordenanza será compatible coa esixencia á persoa infractora da reposición da situación alterada pola mesma ao seu estado orixinario así como a indemnización de danos e perxuízos causados.

Cando os danos se produzan en bens de titularidade municipal, o Concello, previa taxación polos servizos técnicos competentes, determinará o importe da reparación, que será comunicada á persoa infractora ou a quen deba responder por ela para o seu pago no prazo que se estableza.

**Artigo 37.- Persoas responsables.**

1.- Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

2.- O procedemento sancionador será tramitado con arranxo á normativa vixente.

**Artigo 38.- Sancións.**

1.- Leves: ata 750 euros.

2.- Graves: de 750,01 a 1.500,00 euros.

3.- Moi graves: de 1500,01 a 3.000,00 euros.

**Artigo 39.- Accións formativas, traballos en beneficio da comunidade ou actividades de carácter cívico.**

Poderán substituíse as sancións pecuniarias por medidas correctoras como asistencia a accións formativas, traballos en beneficio da comunidade ou calquera outra medida de carácter cívico.

Estas medidas adoptaranse de xeito motivado en función do tipo de infracción, e serán en todo caso aplicables ás infraccións cometidas polas persoas menores de idade, con independencia da responsabilidade civil dos pais, nais, titores/as, ou gardadores/as.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A Alcaldía -Presidencia, ou concelleiro/a en quen delegue, é o órgano facultado para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que sexa aprobada definitivamente e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ames, 1 de abril de 2019

O alcalde

José M. Miñones Conde

2019/2532